

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE MARZO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Aprobación das actas das sesións extraordinaria, ordinaria e extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 24, 26 e 28 de febreiro de 2014.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

1. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de compatibilidade para actividade docente, a unha funcionaria.

Tamén se acorda a modificación do acordo 14/844 adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 20-11-2013.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta do Campus Universitario "As Pedreiras" por prazo de un ano contado dende o 21 de marzo de 2014 ata o 20 de marzo de 2015.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, a adxudicación polo procedemento aberto e regulación harmonizada no procedemento para a contratación da cobertura de seguros de responsabilidade civil patrimonial, danos materiais e de vehículos e maquinaria do Concello de Lugo 2014 e a apertura do procedemento de licitación.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestrutura e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.

Código Seguro de verificación:kxoz1bjxP6I5NDoneN+Cjw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	14/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/1



kxoz1bjxP6I5NDoneN+Cjw==